

# EDUCAR EN VERDE

## RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

Katia Hueso



### SOMOS NATURALEZA: UN VIAJE A NUESTRA ESENCIA .Plataforma,2017.

Este libro é unha invitación para retomar o contacto coa natureza. A partir da relación entre a literatura, a arte, a música, o cinema, esta obra descóbrenos de que maneira a cultura e a educación axúdannos a reencontrarnos co natural e connosco mesmos. Unha ferramenta indispensable para a educación e lembrar a importancia de vincular a natureza coa escola.

En préstamo en 


Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Lugo, Porriño](#)

Bibliotecas Universitarias: [UDC, USC, UVIGO](#)

### EL DIBUJO VERDE: RELÁJATE Y RECONECTA CON LA NATURALEZA. Terapias Verdes, 2023.

Neste precioso libro, a autora bríndanos as pautas para reconectar coa natureza a través do debuxo. Non importa se sabes debuxar ou non, o importante é observar a natureza para tentar debuxala. Non se aspira a representar fielmente o que se ve, ... Para aprender a deixar de lado as nosas preocupacións e perderse na natureza con este práctico libro de actividades de "Debuxo Verde".



Ali Faxón

En préstamo en 

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

María  
Mayorga,  
Iria  
Cagiao



**CUENTOS CON CORAZÓN Y MUCHA NATURALEZA: PARA DOCENTES VERDES Y FAMILIAS EXPLORADORAS.** María Mayorga, 2022.

O libro ten unha primeira parte sobre a narrativa, fundamentación e estrutura. Na segunda parte presenta 13 contos que convidan a ir de aventuras e andanzas polas diferentes contornas naturais, con ilustracións e guía sonora. Todos poden ser contados en espazos ao aire libre e con elementos naturais que atopemos. Transportarannos á vida salvaxe que sucede entre árbores, tobos ou campos de xirasois.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)  
Bibliotecas Públicas: [Lugo, Santiago](#)

**CUENTOS PARA DISFRUTAR, DISFRUTAR PARA EDUCAR.** Generalitat Valenciana, Centre d'Educació Ambiental de la Comunitat Valenciana, 2024.

O CEACV unifica catro contos teatralizados nesta publicación que recolle os textos e as necesidades para a súa organización. Son pequenas obras de teatro de marionetas, para traballar co alumnado máis pequeno contidos sobre diferentes temáticas de carácter ambiental: a contaminación do medio mariño; os bosques, a súa xestión e recuperación; o cambio climático e outros problemas ambientais globais; e a agricultura en xeral e especialmente o cultivo das oliveiras e as súas características e produtos.



CEACV

Descárgao en



<https://acortar.link/eUkaJ9>



Varios  
autores



**“CONOCE, PIENSA Y ACTÚA” POR UNA CIUDADANÍA GLOBAL.** Asamblea de Cooperación por la Paz, CERAI, Fundación Familias Unidas, Médicos del Mundo

Material deseñado en formato xogo de cartas, para que o alumnado de Educación Primaria practique de maneira dinámica e vivencial a diversidade, a igualdade, a interculturalidade, a cultura de paz, o consumo responsable e o desenvolvemento sostible. Motivándoos a través do xogo para coñecer e transformar a súa realidade máis próxima.

Descárgao en



[Primer ciclo primaria](#)  
[Segundo/Tercer ciclo primaria](#)

**ALIMENTANDO TERRITORIO: CIENCIA CIUDADANA PARA RECUPERAR SABORES Y SABERES.**

Cooperativa Germinando y Asociación La Troje, 2023.

Proxecto dirixido a centros educativos da serra de Madrid que contribúe ao desenvolvemento rural a través da revalorización da biodiversidade agrícola da comarca, á recuperación e posta en valor de variedades locais e saberes tradicionais, así como a mellora do coñecemento acerca destas variedades no relativo ás súas características ecolóxicas, produtivas e potencial culinario.



Laura J.  
Bailón,  
Laura  
Aceituno


Descárgao en



[Guía didáctica e caderno de investigación](#)  
[Guía de variedades](#)



Marta Román



**LAS ALAS ESTÁN EN LOS PIES. ADOLESCENTES, MOVILIDAD SOSTENIBLE Y ESPACIO PÚBLICO: GUÍA PRÁCTICA PARA EDUCADORES/AS Y MONITORES/AS.**

Diputación Foral de Gipuzkoa, 2016.

Caderno de apoio (non guía de actividades) para acompañar aos mozos neste fascinante e complexo momento de entrada no espazo público. Para que os programas de promoción xuvenil teñan en conta e incorporen a mobilidade sostible e ciclista nos seus contidos. Dada a simetría entre o simbólico e o material, trátase de reclamar un espazo físico que lles de cabida e lles acolla e, á súa vez, exercitar e experimentar novas vías de relación interxeracional.

Descárgao en



<https://acortar.link/Hn9xs3>

**ARRIBA... ABAJO, ESCARABAJO.** Fundación Global Nature, 2022.

O protagonista, un escaravello pelotero que carga ladeira arriba a súa bóla de abono vaise atopando con diferentes animais e insectos que cumpren a súa función. Na aposta por introducir aos máis pequenos no papel que os insectos desempeñan na agricultura e na natureza: desde a polinización, ao ciclo de nutrientes, as cadeas alimenticias, é dicir, son un dos piares dos nosos ecosistemas.



Juan Villén,  
Inés Ávalos

Descárgao en



<https://l1nq.com/bStvu>



Xulia  
Pisón



**MICROALGAS : MÁIS ALÁ DA TERRA.**  
ANFACO-CECOPESCA , 2023.

Nesta viaxe polo sistema solar, Spirulina e os seus amigos viaxarán a Marte, un planeta que alberga a última esperanza para a humanidade. Non tardarán en verse envoltos nos segredos e perigos que agocha o planeta vermello. Cando a Terra se nos quede pequena, ata onde estaríamos dispostos a chegar?

En préstamo en




Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas:[A Coruña,Cangas](#)

**OSA.** Kalandraka, 2024.

Neste libro, o ciclo da vida e da natureza fúndense nun tenro relato poético sobre a maternidade presentada como un acontecemento natural e sereno, un momento indescribible de conexión entre nai e cría. Osa está soa e coa chegada do inverno busca un lugar para durmir. Unha mañá, a luz asolaga o seu agocho, a súa tripa axítase e non é de fame....



José R.  
Alonso,  
Lucía  
Cobo

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas:[Nigrán,Boiro,Cuntis,Muros,Viveiro.](#)

# BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS  
PARA TODA A  
CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS  
DIRIXIDOS A  
CENTROS  
EDUCATIVOS



<https://bit.ly/2mPg90v>